



2024/ABSO/000004

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 20.06.2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- EXTENSIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA PARA SUBMINISTRO AO HOSPITAL DE MONTECELO. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. 2024/ABSO/000004

Examinado o expediente do contrato de obra que se menciona na parte dispositiva deste acordo, resultan relevantes os seguintes feitos:

- 1.- Redactouse o proxecto para a execución das obras mencionadas na parte dispositiva deste acordo, incluíndo os documentos que establece o artigo 233 da LCSP como preceptivos, o cal foi redactado co obxecto de satisfacer as necesidades que constan no proxecto.
- 2.- A concelleira responsable da área de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía aprobou o proxecto de obra deste expediente de contratación, así como acordou o inicio deste procedemento.
- 3.- Formulouse o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento aberto simplificado.
- 4.- Emitiuse o informe preceptivo do Secretario da Administración Municipal (por delegación da Asesoría Xurídica).

Fundamentos xurídicos

Primeiro.- O proxecto para a execución das obras mencionadas na parte dispositiva deste acordo, reúne todos os requisitos esixidos polo artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, estando incorporado o estudo básico de seguridade e saúde, en cumprimento do disposto no Real decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, estudo que se aprobou por delegación do órgano de contratación.

Segundo.- O artigo 131 da LCSP, establece que o procedemento aberto constitúe un dos procedementos ordinarios para adxudicar os contratos, e en consecuencia pode acudirse a este procedemento para adxudicar este contrato. Así mesmo, de conformidade co artigo 159 da LCSP, ao tratarse dun procedemento simplificado, deberá publicarse anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Terceiro.- O prego de cláusulas administrativas particulares que consta no expediente de contratación cumpre coas determinacións establecidas no artigo 122 da LCSP e nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001.

Cuarto.- A competencia para a aprobación do expediente de contratación así como dos pregos é da Xunta de Goberno Local de conformidade cos artigos 117 e apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do exposto, e unha vez se teñen incorporado ao expediente o correspondente certificado de existencia de crédito orzamentario ou documento que legalmente lle substitúa expedido pola oficina de contabilidade e o preceptivo informe de fiscalización emitido pola Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:





Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o expediente de contratación, cuxos datos se mencionan a continuación:

- PROXECTO DE OBRAS: EXTENSIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA PARA SUBMINISTRO AO HOSPITAL DE MONTECELO. (2024/ABSO/000004).
- ORZAMENTO SEN IVE DO CONTRATO DE OBRAS: 262.659,29 €
- IVE DO CONTRATO DAS OBRAS: 55.158,45 €
- ORZAMENTO DO CONTRATO DE OBRAS INCLUÍNDO O IVE: 317.817,74 €
- PRAZO DE EXECUCIÓN: SEIS (6) MESES.

Segundo.- Aprobar e autorizar o gasto que implica o contrato para esta Administración, de conformidade co informe emitido pola oficina de contabilidade e pola Intervención Municipal.

Terceiro.- Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado, e ordenar a publicación de anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

